

temerán tal vez que se trate de un plan de nacionalización de la lluvia; pero no hay por qué ir tan lejos. La medida, de ser adoptada, obedecería a razones de mero sentido común.

Los hosteleros, que de esto saben un poco, suelen clamar contra la falta de puntería de los meteorólogos y su empeño centralista de anunciar lluvias en Galicia que a menudo se traducen en días de radiante sol. Don Manuel quiso arreglarlo en su día, pero se conoce que no era el momento político idóneo.

«Bajo el mandato de fraga, en Galicia llovía cuando tenía que llover y el sol salía en el momento que resultase más apropiado»

Ahora que cada reino autónomo pide lo suyo, ningún lugar parece más autorizado que Galicia para reclamar la soberanía sobre su clima. Aunque las precipitaciones estén decreciendo levemente aquí desde mediados del pasado siglo, lo cierto es que la lluvia — junto al marisco — sigue siendo el tópico que identifica a este país.

Ya que los gallegos se han resignado a sus inconvenientes, no estará de más sacarle algún provecho al riesgo que les cae del cielo. La Xunta está en ello: y malo será que el Gobierno, últimamente pródigo con las autonomías, no tenga la amabilidad de concederle a Galicia ese módico deseo. Y si llueve, que llueva.

(«Del papiro a la imprenta. Pequeña historia del libro», C.E.G.A.L., 1988): «Aprendan de una vez los amantes y usuarios del libro a no trabucarse entre sus portadas y sus cubiertas».

Non podemos seguir a ser vítimas dunha fotografía que nos presenta cun libro pechado da nosa autoría na man e cun pé de foto que fala da portada do libro cando o que se mostra é a cuberta ou a tapa do mesmo. A portada, protexida pola tapa, é a folla interior na que figuran nome do autor, título da obra, imprenta no que se imprimiu e lugar da mesma. Seoane nunca ilustrou portadas. Da mesma maneira que non debemos mutilar unha catedral quitándolle o «ciborio», nin as «cadernas» a unha dorna ou o «clabio» a unha peza de Sargadelos, restituámos ao noso libro as súas «partes» e diferenciamos «tapa» (ou cuberta), folla de cortesía, «portadiña», se a ten, «portada», etc. Todos os grandes editores se teñen referido ás tapas do libro ponderando a súa función relevante: Roberto Calasso (1941–2021), responsable de Adelphi denomina a tapa como «a pel dese corpo que é o libro» e que o defende contra da ambición americana da dixitalización universal; é a resistencia do libro a transformarse nun mar único de palabras. Pola súa parte, Antoine Compagnon (La segunda mano o el trabajo de la cita) integra a tapa no conxunto do que el denomina perigráfica, «unha escenografía que pon o texto en perspectiva e que permite xuzgar o libro sen necesidade de entrar no seu contido». Para mostra, a cor branca e o logotipo de Einaudi, un editor dos máis admirado e recoñecido do século XX.

Isaac Díaz Pardo e a barca de Caronte

O pasado 1 de abril a Real Academia Galega de Belas Artes dedicou o Día das Artes Galegas a Isaac Díaz Pardo. Nese momento xa se anunciou que, ademais do acto principal de homenaxe, coa súa conferencia de título «Isaac Díaz Pardo ou as formas que xorden da memoria», o Museo de Belas Artes da Coruña ía organizar a exposición «A barca de Caronte» para abordar a vida e obra de Díaz Pardo. Efectivamente, a exposición inaugurouse o pasado 19 de xuño e permanecerá aberta ata o próximo 14 de decembro. Fun vela.

O nome da exposición, en aparencia sorprendente, tómasse de dúas grandes obras de Isaac Díaz Pardo que levan ese mesmo título. Isaac, pintando nelas o relato mitolóxico da nave do barqueiro do inframundo, quixo reflectir a viaxe do pobo galego cara ao seu destino. Pero tamén revelan, evidentemente, o percorrido artístico do propio Isaac. Obras tensas, a primeira de 1946, case acabado de saír da Real Academia de Belas Artes de San Fernando, con mestría e impecable estilo, reflecte a resignación. A segunda, de 1955, dinámica, con composición, cor e movemento aínda máis propios, reflecte a desesperación. As dúas obras, acompañadas de bosqueños case tan interesantes como as propias obras, conturban. Como conturba «Os afogados», cadro tamén de 1946. A palidez do personaxe central e a mirada perdida dos seus tremendos ollos impresionan, como impressiona o conxunto e o seu significado. Esta sala, comezo da exposición, xa merece o desprazamento.

«Cerámica de Sargadelos sería unha nova forma de concibir a cultura industrial de Galicia e a cultura en xeral»

Prosigo a miña visita, vou lembrando e apreciando a evolución como pintor, persoa e artista e chego ao cadro de título «As parcas». Asómbreme este triplo espido, de 1945, que me lembra os nus femininos que eu víra na súa casa do Castro de Samoeiro na segunda metade dos anos cincuenta. Algún deles tamén está nesta exposición. Naquela época Isaac non ensinaba facilmente as súas obras pictóricas e menos os espidos.

Chego ao lugar onde están os encandentes cadros «Xentes que ollan» (1963) e «Rostros que ollan» (1971), cumios de sas intensas e profundas miradas que te atravesan. Ollos grandes, expresivos e interrogadores. A pintura de Isaac Díaz Pardo impáctame e emocóname.

Entro nun pequeno espazo e case me atopo no salón da miña casa. Alí estaban

pezas de Cerámicas do Castro no seu esplendor. Porcelana extremadamente fina, case transparente. Pezas dos anos cincuenta que moitos temos ou tivemos nas nosas casas. Que collemos coas nosas mans e agora están nos museos e exposicións. É curioso, gozamos dun fulgor expresado en cerámica que agora é referente cultural.

Aprendo no seguinte espazo o que na súa ausencia de Galicia Isaac emprendeu na Arxentina. Creando a factoría de Porcelanas de Magdalena. Afondando a súa amizade con persoas do exilio. Especialmente con Luís Seoane. Imaxinando e proxectando o futuro Laboratorio de Formas. Tamén que de volta en Galicia, mediados dos sesenta, lanza Edicións do Castro e pon en marcha o Museo Carlos Maside, o novo Seminario de Estudos Galegos, a Escola Libre, o Instituto Galego de Información...

Cara a 1966 xorde a idea de facer rexurdir a Cerámica de Sargadelos. O proxecto

toma forma axuntando os esforzos de Cerámicas do Castro e o Laboratorio de Formas de Galicia. Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane conciben a idea e o arquitecto Andrés Fernández-Albalat deseña a nova planta de forma circular en Cervo, Lugo. En 1970 tiven a enorme sorte de asistir á súa inauguración acompañando o meu pai. El tiña claro o que ía ser. Eu soamente o intuía.

Cerámica de Sargadelos non sería soamente unha fábrica de excelente cerámica. Sería unha nova forma de concibir a cultura industrial de Galicia e a cultura en xeral. Acerámica, esa cerámica que todos temos na casa e que nos identifica, que regalamos en momentos importantes, que moitas veces vemos en películas, series, obras de teatro ou institucións e que tivo e ten unha asombrosa proxección nacional e internacional, ten unha historia. É magnífico aprender nunha mostra como todo isto foi concibido.

Moito gocei, recordei e aprendín na exposición «A barca de Caronte», comisionada polo meu querido e admirado Xosé Díaz Arias de Castro. Amosa maravillosamente o que promete: a travesía vital e artística de Isaac Díaz Pardo desde a pintura á industria.



ALBERTO GONZÁLEZ-GARCÉS
Investigador marino

¿Puede repetirse en Moldavia lo de Ucrania?

El 28 de este mes se celebran elecciones en Moldavia y, dada la polarización del país y el nivel de influencia extranjera, algunos temen que pueda repetirse allí lo sucedido en Ucrania.

La Unión Europea apuesta fuerte por el Partido de Acción y Solidaridad de la presidenta Maia Sandu, y así el canciller federal alemán, Friedrich Merz, entre otros gobernantes europeos, ha visitado últimamente la capital, Chisináu.

Como en otros países de la Europa del Este, la polarización se da especialmente entre las ciudades — la clase urbana, sobre todo jóvenes y profesionales apoyan el acercamiento a Bruselas — y el campo, donde existe una mayor identificación con Rusia.

En Gaugazia y en Trasnistria, dos regiones autónomas, en especial la segunda, cuya secesión no reconoce el Gobierno central, es muy fuerte la influencia económica y cultural rusa.

Moldavia fue uno de los primeros países expuestos a la dinámica de las llamadas «revoluciones de colores»: en 2009 se produjeron allí fuertes protestas pro europeas después de que se declarase como ganador al Partido Comunista.

El entonces presidente, Vladimir Voronin, se refirió a lo ocurrido como un golpe de Estado organizado por «un reducido de fascistas», a los que acusó de intentar una guerra civil.

Actualmente está en el poder el que podría calificarse de «proyecto liberal», decididamente proeuropeo, pero que

despierta desconfianza fuera de las ciudades, donde se piensa que se gobierna en contra de los intereses del campo.

En las regiones aumenta la ira con el Gobierno, al que se acusa de corrupción y de acometer reformas que, lejos de mejorar la vida de la gente, han encarecido el coste de la vida.

Los precios del gas natural que ha de importar el país se han cuadruplicado en los últimos años, y el coste de la calefacción se ha disparado, lo que ha provocado fuertes protestas.

Ese descontento trata de capitalizarlo o la nueva alianza izquierdista «Por Moldavia»: coalición de partidos que defiende la soberanía, la neutralidad militar, rechaza el ingreso en la OTAN y aboga por un equilibrio entre el Este y el Oeste.

Forman parte de esa alianza políticos como el ex primer ministro Vasile Tarlev, la exgobernadora de Gaugazia Irina Vlah, así como los socialistas y comunistas, liderados por los ex presidentes del país Vladimir Voronin e Igor Dodon.

La UE ha puesto todo su peso, que es mucho, detrás de la actual presidenta, Maia Sandu, y su liberal y decididamente pro europeo Partido de Acción y Solidaridad.

Este habla de «integración» y «solidaridad», pero desde la izquierda se le acusa de querer abrir el mercado moldavo a los consorcios extranjeros en perjuicio de la industria y la agricultura locales y convertir al país en una simple pelota en el actual conflicto de Occidente con la Rusia de Putin.



JOAQUÍN RÁBAGO